



Estás a agardar un ou unha peque e teslle apego á lingua? Parabéns por partida dupla! No Concello da Coruña, a través do Servizo de Normalización Lingüística, queremos que formes parte do programa Apego, un espazo para compartir, para encontrar e encontrarse, aberto a calquera iniciativa que contribúa aos fins do proxecto, para axudarnos á socialización en galego.

Podedes pasar polo Servizo de Normalización do Concello da Coruña para inscribivos no proxecto Apego e así recibirdes información sobre o programa... e un agasallo de benvida!



Máis información en:
<http://apego.gal>

Contacta connosco para vérmonos:
Servizo de Normalización Lingüística

Centro Ágora, lugar da Gramela, 17, 15010 A Coruña
981 189 888, exts. 34310 e 34311

lingua@coruna.es
coruna.gal/lingua



[facebook.com/normalizacioncoruna/](https://www.facebook.com/normalizacioncoruna/)
twitter.com/linguacoruna



*Na Coruña,
témoslle Apego
á lingua!*

PROGRAMACIÓN
MAIO E XUÑO DE 2017



CORUÑA
PRÓXIMA





1.ª SESIÓN
MARTES
2
maio 2017
18.00 h

2.ª SESIÓN
MARTES
9
maio 2017
18.00 h

Obradoiro de nanas Arrolos de salitre

Xabier Díaz e Guille Fernández. Duración: 1 hora/sesión

Pequeno obradoiro de nanas para que as familias aprendan algunhas das melodías tradicionais para adormecer os seus bebés. O obxectivo é que nais, pais e outros familiares poidan aprender a practicar o aproveitamento do poder emocional das nanas e cantos de berce para arrolar as/os seus bebés e comezar a transmitirllas a lingua e a música.

O obradoiro componse de dúas sesións. A primeira será o martes 2 e a segunda, o martes 9 de maio. Está impartido polo músico Xabier Díaz que, entre outros proxectos, publicou o exitoso disco *Arrolos de salitre*, un álbum que contén precisamente 11 cantos de berce en galego.

Centro Ágora

Para familias con bebés de 0 a 3 anos, futuras nais/ pais e formadores/as de escolas infantís etc.

Inscripción: a partir do xoves 20 de abril, ás 9.00 h, na conserxaría de Ágora ou no 981 189 888

Número de prazas:

25 bebés cunha persoa acompañante como mínimo

A alfombra máxica

Títeres Bavaluva. Duración: 45 min

"A alfombra máxica" é un lugar de libre experimentación, unha alfombra táctil, sonora e olfactiva onde a artista plástica convida as e os máis pequenos a se mergullaren nunha viaxe sensorial. Xuntos descubren o pracer de apalpar, manipular, escoitar, ver, saborear... Unha invitación a xogar e experimentar con todo o corpo. Un espectáculo para bebés especialmente recomendado para o seu desenvolvemento sensorio-motriz autónomo.

Centro Ágora

Dirixida a bebés e pequenas e pequenos de 0 a 3 anos

Inscripción: gratuíta, a partir das 9.00 h do luns 8 de maio, en coruna.gal/lingua e limitada a 20 bebés + acompañantes



SÁBADO
27
maio 2017
ás 18.30 h



MARTES
30
maio 2017
ás 18.00 h

Canciões para desafinar

A Gramola Gominola. Duración: 50 min

A Gramola Gominola presenta novo traballo, un espectáculo baseado no seu librodisco que edita a editorial Galaxia "Canciões para desafinar", na súa colección Sonárbore. A estrea na Coruña do novo espectáculo será no Centro Cívico Os Mallos, o 27 de maio, ás 18.00 h. A Gramola chega con este segundo traballo cheo de cancións para desafinar. Música desenfadada para bailar a ritmo de rock, funk, gospel ou punk. Porque non hai idades nin barreiras para a música..., así que a ROCKEAR!

Centro Cívico Os Mallos

Recomendado para familias con nenas e nenos a partir dos 4 anos

Inscripción: gratuíta, a partir das 9.00 h do luns 8 de maio, en <http://bit.ly/gramolacoruna>

Nanocontos para bebés

Raquel Queizás. Duración: 30 min

Para os nosos amigos os animais, cada día é unha nova aventura chea de cousas que aprender mentres xogan coas cores, as formas e a música. Porque cando se é tan pequeno até as cousas máis sinxelas se converten en todo un reto. Reinventan o mundo cunha mirada que o ve todo por primeira vez e abráianse a cada paso mentres aprenden novos nomes para os obxectos que acaban de descubrir.

Un espectáculo que estimula as habilidades de percepción espacial e psicomotricidade dos bebés a través de pequenas historias adaptadas para captar o seu interese e cunha duración apropiada á súa capacidade de atención.

Centro Ágora

Dirixida a bebés e pequenas e pequenos de 0 a 3 anos

Inscripción: gratuíta, a partir das 9.00 h do luns 15 de maio, en coruna.gal/lingua e limitada a 25 nenas/os + acompañantes



MARTES
6
xuño 2017
ás 18.00 h



DOUS
CONCERTOS
XOVES
8
xuño 2017
17.30 h e ás
19.00 h

Son xogos, xogos sons

Pablo Díaz e Olga Kirk. Duración: 50 min

Con distintos instrumentos e músicas de diversas épocas, montaremos unha pequena orquestra coas nenas e nenos que asistan aos obradoiros. Imos repartir, entre as e os pequenos, instrumentos de percusión menor (pandeiretas, axóuxeres, claves etc.), que terán que acompañar as melodías de Pablo Díaz e Olga Kirk.

Aprenderemos algúns dos xogos das avoas, bailarémolos e acabaremos aprendendo bailes, coros e coreografías dalgúns dos temas máis populares de *Tic, Tac, Toc* e *Xente miúda, moita fartura*.

Centro Ágora

Para nenas/os de 3 a 6 anos

Inscripción: gratuíta, a partir das 9.00 h do luns 8 de maio, na páxina coruna.gal/lingua. Número de prazas: 40 nenas/os, acompañados dunha persoa adulta

Brinca vai

Paco Nogueiras. Duración: 50 min

Brinca vai son uns concertos dirixidos a familias con nenas e nenos de máis de 3 anos, baseados no libro *Brinca vai*, de Paco Nogueiras.

Brinca vai, de Paco Nogueiras, é un libro para ler, ver e escoitar, onde se recollen doce cancións para os doce meses do ano, con distintos estilos musicais: techno, rock, folk, reggae...

Centro Ágora

Para nenas/os a partir de 3 anos

Inscripción: gratuíta, a partir das 9.00 h do luns 22 de maio na páxina coruna.gal/lingua. Número de prazas: 40 nenas/os, acompañados dunha persoa adulta